



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- [...] Viñan todos nunha roda d'arredor no pallote dond'iba ser a tarta e chamábanlle o conto dos casados. E despois había outro...
- Pero era un xogo? O conto dos casados era un xogo? Ou como se facía?
- Como se facía? Facíano... un corro, todo darredor.
- E despois?
- E despois, eso é o que non me recordo ben eu agora como cantaban, hombre.
- Non sabes que letra tiña.
- Acórdome máis doutro que se chamaba “O conto do Pertughés”.
- Si, e como era?

“Yo viengho de Pertughal-e,
soy un lindo pertughés,
en el camino me han dicho
que lindas damas teneis.”

“Pues ahí las tienes todas
escoge en cual quisieras.”

“Para mi escojo ‘nesta
por mi esposa y mujer.”

- Ese, o que cantaba esto era o qu'andaba darredor (do corro), e o que lle contestaba “pues ahí las tienes todas escoge en cual quisieras” era un que estaba no corro que cantaba tamén.
- Estaba dentro do corro?
- Estaba com'un máis. E despois aquel contestáballe “Pues ahí las tienes todas, escoge en cual quisieras” e o qu'andaba darredor iba e quitáball'unha; calquera que fora. Daquela, quitáballe unha que cantara, que cantara ben, pois como el andaba darredor cantando no corro el quería ter pa levar consigo unha que lle cantara. E quitaba unha.